



Ambientada na crúa Guerra Civil, aínda que non exenta de lirismo, a recentemente presentada *As horas rotas* (Sotelo Blanco Edicións), de Chelo Suárez, resultou vencedora da última edición do premio Manuel Lueiro Rey, promovido polo Concello do Grove

Por Eduardo Muñiz | Fotografías de Álex Pérez e Miguel Muñiz

“ Ningunha novela ten valor cando carece de poética

Conta Chelo Suárez (A Coruña, 1945) que o primeiro que fixo tras coñecer que *As horas rotas* fora proclamada vencedora do XVII Premio de Novela Curta Manuel Lueiro Rey foi asomarse á fiestra e contarlle ao mar aquela “marabillosa sorpresa”. Esta coruñesa, nai de seis fillos, engadía deste xeito unha nova ringleira ao seu sorprendente currículo literario, que non para de medrar desde que en 2003 publicou a súa primeira novela, *Flor de xiz*. Logo chegaron *A venus de cristal*, finalista do Premio Xerais en 2006, e *Os milagres de Cristamar*, premio Narrativas Quentes de literatura erótica en 2008, así como o poemario *Corpo de mar*. Pese a tanto recoñecemento en tan curto espazo de tempo, a nova non deixou de encher de ilusión a esta “escritora atípica”, debido ao “gran cariño” que depositou neste relato ambientado na Guerra Civil Española, un período polo que sempre tivo un grande interese.

–De onde provén ese interese seu pola Guerra Civil?

–Cando era nena descoñecía-se que houbera unha guerra, na escola non che dicían nada, todo era *top secret*. A medida que fun medrando, máis medraba en min o interese pola Guerra. Claro que era moi difícil por aqueles anos, nos cincuenta, requirir información correcta, porque todo era falsificado, todo era o que lle interesaba ao réxime. Aquela guerra foi un despropósito, todas as familias quedaron mancadas. Eu perdín un tío meu.

–O seu propio pai tamén tivo problemas tras o levantamento militar.

–Moitos. Non o souben por el, que nunca abriu a boca, contoumo miña avoa. Díxome que estivera perseguido, que o viñeran buscar á casa eses que se chamaban ‘Los Caballeros de La Coruña’. Casualmente miña avoa tiña unha veciña, moi amiga súa, que era tía carnal dun dos que o foran

O LIBRO

As horas rotas
Chelo Suárez Muñiz



medina
gusto blanco

FICHA TÉCNICA

Título: *As horas rotas*
Autora: Chelo Suárez Muñiz
Editorial: Sotelo Blanco
Idioma: Galego
Páxinas: 138
Tamaño: 14 x 21 cm
Encadernación: Rústica
ISBN 978-84-7824-605-2
PVP: 14 euros

O FINALISTA



Juan Tallón

Outro dos lanzamentos máis recentes de Sotelo Blanco é *A pregunta perfecta* (*O caso Aira-Bolaño*), a novela que, precisamente, resultou finalista desta última edición do certame Manuel Lueiro Rey.

O seu autor, o filósofo Juan Tallón (Vilardebós, 1975) visitou recentemente a vila para acudir, xunto con Chelo Suárez, á presentación das dúas obras máis destacadas da décimo sétima edición deste premio literario, unha edición da que foi salientado o seu alto nivel, e na que o seu ditame tardou máis tempo en facerse público do que viña sendo habitual. Un dos motivos desta demora foi a dificultade do xurado para decidirse entre a poética obra de Suárez e a innovadora proposta deste ourensán.

A pregunta perfecta non entra dentro do que se podería considerar unha novela ao uso. Os encontros nunca producidos entre o escritor argentino César Aira e o poeta chileno Roberto Bolaño son o eixo sobre o que xira un texto en que a literatura reflexiona sobre a propia literatura, empregando para a ocasión unha estrutura pouco usual na que o relato se combina cun diario que afonda no propio proceso de construción da historia.

buscar. Foi correndo a por ela, e a señora botouse aos pés do seu sobriño, abrazándoo e pedíndolle que non levara o meu pai. Grazas a aquela muller, que ademais se chamaba Socorro, o meu pai librouse daquela vez. Logo tivo que andar agochado.

–Na novela, o horror da guerra contraponse a unha historia de amor entre dous rapaces, que buscan refuxio nun bosque.

–Paréceme que a natureza é sempre un escudo protector. O mundo desgónzase infinitas veces, pero a natureza sempre se renova.

–Tamén cobra moita importancia a muller, que tivo que sufrir aqueles fogares mancados dos que falaba. O protagonismo feminino parece unha constante na súa narrativa.

–Doulle moita importancia á muller. Na miña primeira novela, *Flor de xiz*, falo das mulleres da miña familia, do que sufriron. Sempre me gustou coñecer as orixes, penso que sen saber o de atrás non podemos ter un futuro. O meu véxoo cada vez máis claro porque teño moita conexión co pasado.

“A lectura é o primeiro, ninguén chega a ser un bo escritor si non é antes un bo lector”

–Nunha entrevista recente dicía vostede que esta historia non pretende deixar indiferente a ninguén. Busca provocar unha reacción no lector?

–Búscoa a través dunha linguaxe moi poética. Penso que a poesía non ten que estar desligada de contar o horror, porque na novela cóntanse sucesos moi dramáticos, pero tamén está todo moi impregnado de poesía. Nese sentido, o libro é moi intimista.

–Polo que se ve, é vostede defensora e unirá narrativa e lírica.

–O meu é a prosa poética. Penso que ningunha novela que careza de poesía ten valor. A novela, para que sexa

boa, ten que ter o seu contido de poesía, porque a vida, a morte..., todo ten a súa parte poética. Hai que sabela buscar.

–Desde cativa gustáballe escribir, pero tardou moito en publicar.

–Son unha escritora, como din, atípica. Comecei tarde de cara ao público, pero aprendín a ler case antes que a camiñar. A lectura é o primeiro, ninguén chega a ser un bo escritor se non é antes un bo lector.



Un momento da presentación das obras o pasado 28 de xaneiro na casa da cultura

–Mais non se decidiu a publicar ata moitos anos máis tarde.

–Durante moitos anos levaba un diario en que escribía todos os días. Non paraba de escribir, pero nunca publicara nada. Ata que hai uns anos, decidínme a mandar unha novela ao premio Xerais, mira ti que atrevida! A sorpresa foi que quedei finalista. Desde entón, o meu é escribir; heino facer ata que Deus se acorde de min.

OS + VENDIDOS NO GROVE

1. *As horas rotas*
Chelo Suárez Muíños. Sotelo Blanco
2. *A pregunta perfecta*
Juan Tallón. Sotelo Blanco
3. *A filla do ladrón de bicicletas*
Teresa González Costa. Xerais
4. *A estrela e o seu destino*
Conchita Ximénez. Todogrove Ed.
5. *El cementerio de Praga*
Umberto Eco. Lumen

* Datos facilitados pola Agrupación de Libreiros do Grove.

LETRAS

A portrait of Chelo Suárez, a woman with short reddish-brown hair, wearing a dark top with a colorful, abstract pattern. She is standing in front of a bookshelf filled with books and decorative objects. Her right hand is resting on her neck. The background includes a framed portrait of a woman on the left and a white bird figurine on the right.

Chelo Suárez